



www.cigservizos.org

AOS TRABALLADORES/AS DO SECTOR DA SEGURIDADE PRIVADA

Nestes días outros sindicatos están facéndose eco da sentenza 675/2018 gañada pola CIG no Tribunal Supremo, que declara nulos, o artigo 44, que impedía a aplicación do 75% de recargo por traballo en festivo ou descanso semanal, e o artigo 63 que obrigaba a coller as horas sindicais por xornadas completas, en comités de 9 ou mais membros.

Dende a CIG, queremos aclarar esta sentenza xa que están saíndo noticias contraditorias en relación as repercusións da mesma.

REPERCUSIÓNS DA SENTENZA DO TS 675/2018

Afecta a todos/as traballadores/as con xornada completa que non teñan disfrutado durante o ano natural dos 96 días de descanso anual compensatorio (non se computan os 31 días de vacacións) e que realizaran unha xornada superior a cómputo anual de 1782 horas/ano.

Como calcular de forma práctica o que me teñen que pagar estando a cómputo anual: Se o prezo de hora extra do traballador é de 9,20€/hora, e descansou 90 días no ano, e realizou un total de 1830 horas/ano. Computando as xornadas dos 6 días de descanso que non descansou, (90 a 96), se calcula o recargo de 75% do seu prezo hora $9,20 + 75\% = 16,10$ €/hora o que se lle ten que pagar en lugar de 9,20€/hora. Polo tanto, as 48 horas extras efectuadas en lugar de $9,20 \times 48 = 441,60$ €, debe ser co recargo do 75%, o sexa, $16,10 \times 48 = 772,80$ €

Nestes casos antes de rematar decembro, se pode remitir un escrito a empresa feitos os cálculos de todo o ano como na cima explicamos, solicitando o abono das horas extras co recargo do 75%, para paralizar o prazo de prescripción, e facer a reclamación xudicial sen presas e de todo o ano natural completo.

En caso de calendarios anuais con cómputo mensual de 162horas/mes, descansado unha media de 8,72 días/mes, a xornada que exceda destas horas e non respetando esta media de descanse débense abonar cun 75% de recargo.

Que quede claro que este recargo só afecta **as horas extras realizadas nos 96 días de descanso anual compensatorio**, non a todas horas extras realizadas.

En relación a segunda cuestión da sentenza, deixa de ser obrigatorio coller o permiso sindical en xornadas completas, sen mais limitacións que as que se contemplan no Estatuto dos traballadores

Que vai pasar agora, aínda que esta sentenza fai referencia ao anterior convenio, anulando, o inciso do art. 44 que di, “*cos valores mencionados no art.42*”, así como o inciso final do art.63, paragrafo segundo. O novo convenio 2017-2020 a redacción é a mesma pero en distintos artigos o punto a) se refire agora ao artigo 55, con referencia aos valores mencionados no art. 53, e o punto b) se refire agora ao artigo 78. **Dende a CIG entendemos, que isto hai que modificado xa que son anulados polo TS con esta sentenza.**